**6.** Díxenlle ao xuíz, con ~~respeto~~ *respecto*, que dubidaba da ~~obxeitividade~~ *obxectividade* do seu veredicto. / O produto que me receitou o ~~doctor~~ *doutor* para deixar de ~~erutar~~ *eructar* é boísimo. / O ~~acueducto~~ *acueduto* romano de Segovia é unha das ~~construccións~~ *construcións* máis ~~espetaculares~~ *espectaculares* que coñezo. / Esta é a ~~octava~~ *oitava* ~~victoria~~ *vitoria* consecutiva do noso equipo: somos o único equipo invicto. / As vítimas do ~~acidente~~ *accidente* entre os ~~tratores~~ *tractores* ofrecen versións ~~contradictorias~~ *contraditorias*. / O reitor da universidade anunciou a ~~construcción~~ *construción* dunha nova facultade de ~~Traducción~~ *Tradución*. / A profesora ~~dictounos~~ *ditounos* un texto sobre un planeta ficticio e eu escribín mal dous ~~adxetivos~~ *adxectivos.*

## Actividades

**1.** *Rematan en –zo, –za*: cobiza, desprezo, xuízo, cansazo, presenza. / *Rematan en –cio, –cia*: farmacia, beneficio, sacrificio.

**2.** O informe elaborado por técnicos de *Consumer* o pasado mes de xuño serviu tamén para constatar o que xa é sabido: os *pre**zo**s* que rexen nas áreas de *servi**zo*** son superiores aos que o usuario está afeito a pagar en establecementos semellantes (tendas, bares, restaurantes) fóra delas. Os datos indican que o menú do día nun restaurante destes *espa**zo**s* para descanso do automobilista custa 9 euros de media, chegando ata os 11 euros de media na AP-7 que une Barcelona con Valencia. / A Sala do Social do Tribunal Superior de *Xusti**za*** de Galicia desestimou o recurso de suplicación interposto polo Concello de Mos contra a *senten**za*** ditada polo Xulgado do Social Nº 4 de Vigo, no que se declaraba «despido improcedente» o do traballador do Grupo Municipal de Intervención Rápida (GRUMIR). / Dos once millóns de euros recibidos no período 2000-2006 en concepto de Fondos de Cohesión, Cataluña e Madrid recibiron 7,2 millóns, ou o equivalente a dous *ter**zo**s*. Esta repartición, lonxe de reducir as *diferen**za**s* internas entre os estados e favorecer a competitividade, agrandou as desigualdades. A inxección de cartos nesas dúas comunidades axudou a que creceran máis que a media europea, ao ser máis atractivas para a instalación de novas empresas. De feito, Madrid foi a terceira rexión en crecemento económico de Europa nos últimos sete anos. *Gra**za**s* aos investimentos europeos, a comunidade madrileña deixou atrás a 34 rexións e situouse na posición 39 das 210 existentes antes da ampliación.

**3.** Encrucillado.




**4.** Resposta aberta.